

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 26 DE MAIO DE 2021

### **Lista de asistentes**

**Presidenta, decana , coordinadora de  
calidade e coordinadora do Mestrado en  
Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade**

Reboreda Morillo, Susana

**Secretaria**

Cadilla Lomba, Josefina T.

**Coordinadora de Grao**

Vaquero Díaz, Beatriz

**Coordinador do Mestrado en Valoración e  
Xestión do Patrimonio Cultural**

Pérez Losada, Fermín

**PDI**

Barriocanal López, Yolanda

López Díaz, María

**Membros da sociedade**

Díaz Naya, Rosa María

**Bolseiro de colaboración do centro**

Lozano Ramírez, Amado Tierra

**PAS**

Rodríguez Bouzas, Josefa (colaboradora  
de calidad)

**Desculpán ausencia**

**PDI**

Comendador Rey, Beatriz

A comisión realiza de xeito virtual, mediante o Campus Remoto na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o mércores 26 de maio de 2021, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 10 de marzo de 2021.
2. Informe da presidenta.
3. Validación, se procede, da incorporación como representante da sociedade na Comisión de Calidade de Francisco Borja Campos Seijo.
4. Validación, se procede, do plan de acción titorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo da Facultade de Historia para o curso 2021/2022.
5. Validación, se procede, do informe de seguimiento do plan de promoción do centro para o curso 2020/2021.
6. Aprobación se procede da prórroga do panel de indicadores.
7. Rolda de intervencións.

A decana da lectura ao nome do membro da Comisión de Calidade que desculpa a súa ausencia á sesión, e que se relaciona á marxe desta acta.

**1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 10 de marzo de 2021.**

Apróbase a acta por asentimento.

## 2.- Informe da presidenta.

Comeza informando dos seguintes aspectos:

- Aos Premios “Xente que Fai Historia”, presentáronse sete persoas. Os membros do xurado coincidimos en que todos eran proxectos de gran calidade. Quedaron tres para a seguinte fase.

- Realizouse a primeira fase da IV Olimpíada Galega de Historia e o balance é moi positivo con 29 centros inscritos de toda Galicia , celebrouse a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo. Houbo algúns incidentes que se arranxaron correctamente. Ao ser virtual cando un equipo perdía a conexión, parabamos a secuencia, e esa pregunta quedaba anulada o que provocou retrasos para obter os resultados finais de cada quenda, xa que había que proceder á eliminación desas preguntas, fíxose un pouco máis longo do que nos gustaría. Quedaron catro equipos, para a fase final que será presencial pero non se retransmitirá para non facer público o código do Kahoot. A decana deseja mostrar o seu agradecemento á profesora Patricia Valle, e aos estudantes Tierra Lozano e Yerai Caamaño que estiveron no Decanato axudando en todo momento no desenvolvemento da Olimpíada. As persoas que desexen asistir o venres á entrega do premio deberán comunicalo na Secretaría do Decanato.

- Nestes momentos estamos coas enquisas de satisfacción e avaliación docente do 2º cuadrimestre, e a participación, a nivel xeral, é bastante máis baixa ca outros anos, aínda que en relación á media doutros centros da UVigo é máis alta. Hai unha prórroga no prazo ata finais do mes de xuño.

- Estanse organizando as titorías por curso do PAT e as coordinacións manifestan que hai dificultades para xuntar ao alumnado e proceder á titoría. A enquisa global está na secretaría virtual de cada estudiante, pero probablemente rexistraremos tamén unha baixa participación.

- Xa se celebraron as xuntanzas da decana cos representantes do alumnado, co estudiantado semipresencial e co do PCEO, en tódolos casos, salvo no PCEO, a asistencia foi escasa e non se detectaron problemáticas relevantes.

- Comezamos coa planificación de horarios para o vindeiro curso, a proposta do equipo decanal é que sexan os mesmos que o ano pasado. Non se sabe aínda cales serán as normas Covid-19. Realízanse por ese motivo os horarios seguindo as indicacións do curso pasado.

- Pide a palabra a profesora Beatriz Vaquero, para indicar que convocou as reunións do PAT, en cuarto curso non asistiu ningúén e en segundo si. Os de segundo están insatisfeitos co sistema de docencia por quendas porque forzan a manter unha burbuilla e na práctica vai moi pouco estudiantado, quedando

sen poder asistir outro que o desexa pero que non está na quenda. Beatriz manifesta que sería mellor deixar a opción para que se incorporen mentres se respekte a distancia de seguridade, e se alguén chega e xa non hai sitio poderían ir ás aulas de reforzo.

Intervén Susana Reboreda para indicar que este tema xa o comentou no Consello de Campus. Parece que o estudiantado acomodouse a seguir a docencia en remoto pero na súa opinión non é o mesmo. A consigna é a de animar á xente a que volte ás aulas porque a presencialidade é moi importante.

Beatriz Vaquero, mostra a súa preocupación en relación ao escaso número de participación nas enquisas do alumnado, pensa que o profesorado as realiza sen convicción. Susana Reboreda opina que non ten sentido o esforzo que supón que participen nestas enquisas e considera interesante transmitilo á Área de Calidade. Como xa comentou o nivel de resposta en tódalas enquisas é moi baixo e vai decrecendo. Pensa que este sistema está deixando de ser efectivo e considera que habería que reflexionar sobre isto.

Non se realizan más aportacións por parte dos membros presentes e pásase ao seguinte punto da orde do día.

### **3.- Validación, se procede, da incorporación como representante da sociedade na Comisión de Calidade de Francisco Borja Campos Seijo.**

José María Eguileta, arqueólogo do concello de Ourense, estivo colaborando nesta comisión como representante da sociedade durante moitos anos que foron de un intenso traballo. Hai uns meses presentou a súa dimisión pola elevada carga de traballo que tiña na súa vida profesional. Agradecémoslle a súa implicación durante todo este tempo. Na anterior Comisión de Calidade consideráronse varios nomes para substituílo. Finalmente Francisco Borja Campos Seijo que é profesor de secundaria e neste momento representante sindical, aceptou o ofrecemento para formar parte desta comisión.

Valídase a súa incorporación por asentimento.

### **4.- Validación, se procede, do plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo da Facultade de Historia para o curso 2021/2022.**

Nesta comisión xa validamos o cambio do procedemento do PAT que agora inclúe a atención ás necesidades específicas do estudiantado do programa PIUNE. Agora incluímos nesta convocatoria a adaptación do rexistro que inclúe esas características que serán de aplicación no vindeiro curso. Como responsable do centro está a decana e nos distintos cursos mantéñense os/as docentes do pasado. 1º- Xosé Ramón Campos; 2º- Beatriz Vaquero; 3º - Susana

Reboreda e 4º - Francisco Javier Pérez. Comenta que se a alguén desexa asumir a responsabilidade dun curso, realizaríase o cambio de xeito inmediato.

Realizadas as aclaracións, valídase do plan de acción titorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo da Facultade de Historia para o curso 2021/2022, por asentimento.

**5.- Validación, se procede, do informe de seguimento do plan de promoción do centro para o curso 2020/2021.**

A pesar de que as datas que se recomandan na axenda da área de Calidade para a validación deste informe son posteriores, a coordinadora de calidade considera que esta é máis idónea, xa que é o momento en que pomos en marcha o plan de promoción do vindeiro curso e considera importante ter valoradas as accións do curso anterior que, tal é como se recolle no documento, presenta un balance positivo dado que o resultado da matrícula resultou moi satisfactorio.

Realizadas as aclaracións no punto anterior, valídase o informe por asentimento.

A decana solicita incluír un novo punto na orde do día : Validación se procede da prórroga do panel de indicadores. Tódolos membros presentes están de acordo, por ese motivo inclúese como punto 6.

**6.- Validación, se procede, da prórroga do panel de indicadores, para o curso 2021/2022.**

A decana realiza unha explicación do documento explicando que os indicadores para validar e comprobar a implantación da calidade no centro seguen a ser válidos polo que solicita a prórroga dos mesmos.

Valídase o rexistro por asentimento.

**7.- Rolda de intervencións.**

O profesor Fermín Pérez, pregunta como será a docencia para o vindeiro curso. A decana indica que de momento non hai directrices propias da Universidade de Vigo. O que se está comentando é que non se volverá á normalidade total, pero que se acortarán distancias co cal se gañaría bastante capacidade nas aulas. A esperanza é que se poida reducir como máximo a dúas quendas. Todo dependerá da evolución da pandemia e da vacinación. O que se tentará na facultade é que se anulen as quendas, é dicir que entre na aula quen o deseche e os que non entren que vaian ás aulas de reforzo como xa se comentou antes. A decana é partidaria de eliminar as quendas porque sempre quedaban baleiros nas aulas. Tomarase a decisión a finais do mes de xuño.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.35 horas do día 26 de maio de 2021, da que eu como secretaria dou fe, co visto e prace da decana.

A decana  
Asinado dixitalmente  
Susana Reboreda Morillo

A secretaria  
Asinado dixitalmente  
Josefina Cadilla Lomba